

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**8362** *Real decreto lei 10/2014, do 1 de agosto, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Defensa e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.*

Este real decreto lei ten como finalidade a concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Defensa e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

No orzamento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación concédese un crédito extraordinario por importe de 9.346.490 euros para proceder ao aboamento da cota pola participación de España na Facidade Financeira Internacional para a Inmunización, correspondente ao exercicio 2014.

En 2006 España adheriuse á Facidade Financeira Internacional para a Inmunización, unha iniciativa cuxo fin é subministrar fondos á Alianza Global para as Vacinacións para a realización de campañas masivas de inmunización e contribuír a diminuír a mortalidade infantil no mundo, cun compromiso global de 189.500.000 euros distribuídos en 20 cotas anuais.

No actual exercicio, a cota que se ten que aboar ascende a 9.346.490 euros e a data límite de pagamento, de conformidade coas condicións establecidas no Acordo de Adhesión, é o 31 de outubro de 2014.

En exercicios anteriores, o financiamento desta cota efectuouse con cargo ao Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (Fonprode), o que non resulta posible este ano por aplicación do disposto no artigo 57.tres da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, que non permite atender con este fondo operacións non reembolsables.

No orzamento do Ministerio de Defensa concédese, por unha parte, un crédito extraordinario para atender o pagamento de obrigacións correspondentes a programas especiais de armamento e, por outra parte, concédense suplementos de crédito para financiar gastos relativos a adestramento e alistamento da Forza Conxunta.

Así, en primeiro lugar, procédese á concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Defensa para atender o pagamento de obrigacións contractuais correspondentes a programas especiais de armamento.

Cofécense como «Programas especiais» (PEA) aqueles de importante volume económico e/ou complexidade industrial. A elección está determinada por unha combinación de necesidades político-estratéxicas, económicas, industriais e tecnolóxicas; son esenciais tanto para a modernización das Forzas Armadas coma para o tecido industrial español.

Os programas especiais pretenden satisfacer as necesidades das Forzas Armadas españolas dotándoas dos mellores sistemas de armas, equipamentos e infraestruturas de apoio para o cumprimento das súas misións:

- Cobren a necesidade de alcanzar un estándar operativo que permita responder e afrontar os riscos e ameazas relativos á defensa da soberanía española.
- Obedecen a compromisos adquiridos entre os Estados membros da Unión Europea no desenvolvemento da política común de seguridade e defensa para cumprir as misións enumeradas no artigo 28 do Tratado de Lisboa.
- Responden aos compromisos internacionais adquiridos por España contidos, en principio, a través da Iniciativa de capacidades de defensa (DCI) da OTAN, posteriormente redefinidos como «Compromisos das capacidades de Praga».

Os programas especiais teñen un sistema de financiamento baseado en anticipos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo destinados á investigación e desenvolvemento; o pagamento das adquisicións realízase con cargo ao orzamento do Ministerio de Defensa, momento a partir do cal o fabricante devolve os anticipos ao Tesouro Público.

A evolución da economía mundial e, particularmente, a española provocou unha redución dos recursos financeiros das diferentes seccións do orzamento do Estado. Os niveis de compromiso de pagamentos alcanzados nos acordos de adhesión e/ou contratación e, en particular, dos programas especiais de armamento (PEA) foron diverxendo da capacidade financeira do Departamento Ministerial. Isto obrigou a realizar sucesivas reprogramacións co fin de adaptar as previsións, reconducindo os créditos cara a aquelas partidas con maior prioridade e buscando asegurar o mantemento dos niveis mínimos que garanten a operatividade das unidades cunha maior atención ás forzas desprazadas en escenarios de conflito e ao sostemento dos medios que garanten e incluso melloran a súa seguridade.

Non obstante o anterior, a insuficiente dotación no orzamento fai necesario dotar créditos adicionais para cubrir os compromisos financeiros que derivan dos compromisos contractuais por importe de 883.655.368,60 euros.

O crédito extraordinario cobre as necesidades de financiamento dos programas en 2014, o que permite aboar as cantidades correspondentes aos fitos contractuais dos diferentes contratos evitando que queden pendentes de pagamento facturacións das empresas contratistas.

A Administración está obrigada a atender o pagamento de obrigacións contractuais e, xunto a isto, a necesidade de non demorar o seu aboamento para non causar prexuízos a terceiros constitúen razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión do crédito extraordinario mediante real decreto lei.

En segundo lugar, o presente real decreto lei ten como finalidade proceder á concesión de suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Defensa para atender o pagamento de diversos gastos relativos a adestramento e alistamento da Forza Conxunta.

A Directiva de Defensa Nacional (DDN) 1/2012 expón o contexto estratéxico global e a maneira en que este afecta os intereses nacionais de España, e fai referencia tamén ao impacto negativo da crise nas nosas propias capacidades defensivas e a diminución do paraugas colectivo.

Na súa directriz 4.2 establece que se dará prioridade á preservación e ao grao de dispoñibilidade das capacidades das Forzas Armadas de acordo cos imperativos da nova situación para a prevención, disuasión ante riscos e respostas ante posibles ameazas.

Resulta, xa que logo, necesario adaptar o deseño das Forzas Armadas ás novas circunstancias e, para iso, o seu emprego deberá materializarse mediante a actuación da Forza Conxunta, constituída polas capacidades específicas, no grao de dispoñibilidade establecido dos exércitos e da Armada, así como dos interexércitos.

Esta Forza Conxunta foi deseñada na «Directiva do xefe do Estado Maior da Defensa (Xemad) sobre o concepto de emprego das Forzas Armadas» e, posteriormente, fixéronse os seus niveis de alistamento.

A restrición orzamentaria dos últimos anos, co obxectivo prioritario de reducir o déficit público, supuxo unha diminución dos recursos e dotacións no orzamento do Estado, que afectou todos os departamentos ministeriais. O Ministerio de Defensa contribuíu a este esforzo de austeridade, compatible co mantemento dunha capacidade operativa que permite seguir cumprindo de maneira eficaz as funcións encomendadas ás Forzas Armadas.

Porén, tras estes anos de compartir este esforzo de austeridade, existen algunhas necesidades permanentes e de sostemento das Forzas Armadas, incluíndo tamén aquelas unidades que constitúen a Forza Conxunta, que non poden ser atendidas suficientemente coas dotacións orzamentarias iniciais.

No momento actual, as dotacións orzamentarias só permiten atender o alistamento daquelas unidades que van ser despregadas en operacións, mentres que os plans de adestramento, mantemento e renovación das unidades das Forzas Armadas non despregadas se resenten, o que pode afectar a súa dispoñibilidade e capacidade

operativa, elevando indirectamente de maneira importante os custos necesarios para ser despregadas nas operacións.

Para evitar que estas limitacións impidan o necesario alistamento da Forza Conxunta, e permitir que se poida dar cumprimento ao disposto na directriz 4.2 da DDN 1/2012 e alcanzar os obxectivos da ESN 2013, é necesario incrementar as dotacións orzamentarias do Ministerio de Defensa xa que se dan razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión do suplemento de crédito mediante real decreto lei.

Por último, no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente o presente real decreto lei ten como finalidade proceder á concesión dun crédito extraordinario, por importe de 10.000.000 de euros, para o desenvolvemento de actuacións en relación coa xestión alternativa dos zurros.

Os zurros constitúen o principal problema ambiental que ten que afrontar o sector gandeiro de produción porcina. A maior parte do zurro xestiónase mediante a aplicación directa ao solo como fertilizante. Porén, esta forma de xestión non é sempre posible naquelas zonas onde hai unha alta concentración de produción porcina, debido a que o solo non pode recibir todo o zurro que se xera no seu contorno. Esta situación é especialmente grave naquelas zonas declaradas vulnerables á contaminación por nitratos, onde os límites para aplicar zurro ao solo como fertilizante son máis estritos co obxecto de previr e corrixir a contaminación das augas, continentais e litorais, causada polos nitratos de orixe agraria. Os zurros que non poden ser utilizados como fertilizante do solo eran obxecto de tratamento nas plantas de secado de zurros con coxeración, as cales disfrutaban dun réxime económico especial.

Con todo, atendendo a un criterio de eficiencia económica e tendo en conta o alto custo da aplicación do réxime de coxeración ao tratamento en plantas dos zurros, considérase máis adecuado financiar unha medida alternativa que porá en marcha o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Co fin de paliar os riscos de contaminación ambiental, é precisa unha solución a curto prazo mediante o desenvolvemento, por parte das comunidades autónomas, de actuacións para a xestión alternativa dos zurros. A este financiamento atende o crédito extraordinario que se concede mediante este real decreto lei.

Todo isto no marco do acordo alcanzado co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a súa formalización na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, ao abeiro das previsións do artigo 86 da Lei xeral orzamentaria acerca dos créditos xestionados polas comunidades autónomas.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de agosto de 2014,

DISPOÑO:

*Artigo 1. Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.*

Para atender o pagamento da cota pola participación de España na Facidade Financeira Internacional para a Inmunización correspondente ao exercicio 2014, concédese un crédito extraordinario no vixente orzamento da sección 12 «Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación», servizo 03 «Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica», programa 143A «Cooperación para o desenvolvemento», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 49 «Ao exterior» concepto 496 «Facidade Financeira Internacional para a Inmunización» por importe de 9.346.490 euros.

*Artigo 2. Concesión dun crédito extraordinario e suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Defensa.*

1. Autorízase un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 14 «Ministerio de Defensa», servizo 03 «Secretaría de Estado da Defensa», programa 122B

«Programas especiais de modernización», capítulo 6 «Investimentos reais», artigo 65 «Investimentos militares en infraestruturas e outros bens», concepto 658 «Para atender ao pagamento de obrigacións correspondentes a programas especiais de armamento», por un importe de 883.655.368,60 euros, co seguinte detalle por subconceptos:

| Subconcepto | Denominación                 | Importe (en euros) |
|-------------|------------------------------|--------------------|
| 658.01      | Avión EF-2000 . . . . .      | 430.529.111,26     |
| 658.02      | Avión A-400M . . . . .       | 143.092.597,78     |
| 658.03      | Vehículo Pizarro . . . . .   | 55.000.000,00      |
| 658.04      | Helicóptero Tigre . . . . .  | 144.263.170,00     |
| 658.05      | Mísil C/C SPYKE . . . . .    | 22.891.579,84      |
| 658.06      | Helicóptero NH-90 . . . . .  | 85.800.174,72      |
| 658.07      | Helicóptero EC-135 . . . . . | 2.078.735,00       |
|             | Total . . . . .              | 883.655.368,60     |

2. Autorízanse suplementos de crédito no orzamento en vigor da sección 14 «Ministerio de Defensa», por un importe total de 30.560.000 euros, co detalle que se recolle no anexo I.

Artigo 3. *Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.*

Para financiar o desenvolvemento de actuacións en relación coa xestión alternativa dos zurros, concédese un crédito extraordinario no orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», servizo 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais», programa 451O «Dirección e Servizos Xerais de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», concepto 751 «A comunidades autónomas para a xestión alternativa de zurros», por importe de 10.000.000 de euros.

Artigo 4. *Financiamento.*

1. Os créditos extraordinarios que se conceden no presente real decreto lei no orzamento dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación e de Defensa financiaranse con débeda pública. Así mesmo, tamén se financiarán con débeda pública os suplementos de crédito que se conceden no orzamento do Ministerio de Defensa.

2. O crédito extraordinario que se concede no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de conformidade co previsto no artigo 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, financiarase con baixa en créditos do orzamento non financeiro da sección 20 «Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo», co detalle de aplicacións e polos importes que se detallan a continuación:

|  | Importe<br>–<br>Euros |
|--|-----------------------|
| <i>Servizo 12. «Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a sociedade da información»</i> |                       |
| Programa 467G. «Investigación e desenvolvemento da sociedade da información».                    |                       |
| Concepto 640. «Gastos de investimentos de carácter inmaterial» . . . . .                         | 600.000               |
| Programa 467I. «Innovación tecnolóxica das telecomunicacións».                                   |                       |
| Concepto 640. «Gastos de investimentos de carácter inmaterial» . . . . .                         | 400.000               |
| Concepto 749. «Axenda dixital para España» . . . . .   | 1.200.000             |
| Programa 491M. «Ordenación e promoción das telecomunicacións e da sociedade da información».     |                       |
| Concepto 620. «Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos» . . . . .     | 1.000.000             |

|  | Importe<br>–<br>Euros |
|--|-----------------------|
| <i>Servizo 18. «Secretaría de Estado de Enerxía»</i>   |                       |
| Programa 425A. «Normativa e desenvolvemento enerxético».   |                       |
| Concepto 640. «Gastos de investimentos de carácter inmaterial» .....   | 4.000.000             |
| Programa 000X. «Transferencias internas».  |                       |
| Concepto 712. «Ao Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras» ..... | 2.800.000             |

3. A diminución do crédito 20.18.000X.712 «Ao Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras» recollida no punto anterior, terá a seguinte repercusión no orzamento do organismo autónomo 20.101 «Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras»:

Orzamento de ingresos:

Baixa:

| Aplicación orzamentaria                               | Importe<br>–<br>Euros |
|---|-----------------------|
| 20.101.700. Do departamento a que está adscrito ..... | 2.800.000             |

Orzamento de gastos:

Baixa:

| Aplicación orzamentaria  | Importe<br>–<br>Euros |
|--|-----------------------|
| 20.101.457M.751. Reactivación económica das comarcas mineiras do carbón. . . | 2.800.000             |

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de agosto de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY

## ANEXO I

## Suplementos de crédito que se conceden

## Sección 14. Ministerio de Defensa

## Servizo 02. Cuartel Xeral do Emad

| Programa | Concepto/<br>Subconcepto | Denominación   | Importe<br>–<br>Euros |
|----------|--------------------------|--|-----------------------|
| 121M     | 221.03                   | Subministracións. Combustible . . . . .                  | 100.000               |
|          | 226.06                   | Gastos diversos. Reunións, conferencias e cursos . . . . | 100.000               |
|          | 230                      | Axudas de custo. . . . .                                 | 750.000               |

## Servizo 03. Secretaría de Estado da Defensa

| Programa | Concepto/<br>Subconcepto | Denominación  | Importe<br>–<br>Euros |
|----------|--------------------------|---|-----------------------|
| 121M     | 220.02                   | Material de oficina. Material informático non inventariable.. | 7.760.000             |
| 122M     | 230                      | Axudas de custo. . . . .                                      | 1.100.000             |

## Servizo 12. Exército de Terra

| Programa | Concepto/<br>Subconcepto | Denominación   | Importe<br>–<br>Euros |
|----------|--------------------------|--|-----------------------|
| 121M     | 226.06                   | Gastos diversos. Reunións, conferencias e cursos . . . .                     | 38.500                |
|          | 227.99                   | Traballos realizados por outras empresas e profesionais.<br>Outros . . . . . | 169.668               |
|          | 230                      | Axudas de custo. . . . .   | 2.580.298             |
|          | 231                      | Locomoción . . . . .   | 406.422               |
| 122M     | 221.03                   | Subministracións. Combustible . . . . .                                      | 1.813.850             |
|          | 221.05                   | Subministracións. Alimentación . . . . .                                     | 120.000               |
|          | 223                      | Transportes . . . . .  | 1.721.262             |

## Servizo 17. Armada

| Programa | Concepto/<br>Subconcepto | Denominación  | Importe<br>–<br>Euros |
|----------|--------------------------|---|-----------------------|
| 121M     | 230                      | Axudas de custo. . . . .  | 700.000               |
| 122M     | 221.03                   | Subministracións. Combustible . . . . .   | 5.200.000             |
|          | 223                      | Transportes . . . . .   | 100.000               |
|          | 227.15                   | Traballos realizados por outras empresas e profesionais<br>no exterior. . . . . | 200.000               |
| 122N     | 216                      | Equipamentos para procesos da información . . . . .                             | 300.000               |

## Servizo 22. Exército do Aire

| Programa                                | Concepto/<br>Subconcepto | Denominación  | Importe<br>–<br>Euros |
|---|--------------------------|---|-----------------------|
| 122M                                    | 221.03                   | Subministracións. Combustible . . . . .                   | 6.200.000             |
|   | 226.06                   | Gastos diversos. Reunións, conferencias e cursos. . . . . | 600.000               |
|   | 230                      | Axudas de custo. . . . .                                  | 600.000               |
| Total suplementos de créditos . . . . . |                          |   | 30.560.000            |

Relación de programas incluídos neste anexo:

- 121M: administración e servizos xerais de defensa.
- 122M: gastos operativos das Forzas Armadas.
- 122N: apoio loxístico.